



www.gdrpontevedramorrazo.eu

#SOMOSGDR

ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO LEADER 23-27

DOCUMENTO A

DESCRIPCIÓN DO PROCESO PARTICIPATIVO



AXENCIA GALEGA
DE DESENVOLVEMENTO
RURAL



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Índice

1.	Introdución	6
1.1.	Introdución.....	8
2.	Relación de persoas e entidades participantes (Apartado a).....	10
2.1.	Proceso de participación (2022-2023).....	12
2.2.	Espazos de participación (2022).....	13
2.2.1.	Espazos de participación na preparación e execución do proceso.....	13
2.2.2.	Datos globais de participación.....	14
2.2.3.	Espazos de participación presencial	15
2.2.4.	Espazos de participación virtual.....	17
2.2.5.	Cuestionario aberto á participación cidadá	18
2.2.5.1.	Datos básicos de participación	18
2.2.5.2.	Valoración do programa de axudas do Leader	21
2.2.5.3.	Valoración sobre a importancia dos obxectivos da nova PAC	22
2.2.5.4.	Valoración sobre as prioridades do Leader	26
2.2.5.5.	Valoración da importancia da seguintes cuestións	29
2.2.5.6.	Listado de proxectos	32
2.2.5.7.	Propostas de mellora no programa de axudas.....	34
2.3.	Espazos de participación (2023).....	35
2.3.1	Foro Final de desenvolvemento rural (2023).....	35
2.4.	Listas de persoas participantes (2022-2023).....	36
2.4.1.	Primeiro Foro de desenvolvemento rural (2022).....	36
2.4.2.	Grupo estratéxico de innovación e desenvolvemento sostible.....	44
2.4.3.	Grupo estratéxico sobre transformación dixital e novas tecnoloxías.....	50
2.4.4.	Grupo estratéxico de Cohesión social e equilibrio territorial.....	51
2.4.5.	Segundo Foro de desenvolvemento Rural: contraste diagnose e propostas de mellora	52
2.4.6.	Foro Final de Desenvolvemento Rural (2023)	54
2.4.7.	Reunións complementarias con técnicos locais de emprego (2022-2023).....	61
2.5.	Dossier fotográfico (2022-2023).....	69
2.5.1.	Primeiro Foro de desenvolvemento rural (2022).....	69
2.5.2.	Grupo estratéxico de innovación e desenvolvemento sostible.....	71
2.5.3.	Grupo estratéxico sobre transformación dixital e novas tecnoloxías.....	74
2.5.4.	Grupo estratéxico de Cohesión social e equilibrio territorial.....	74
2.5.5.	Segundo Foro de desenvolvemento Rural: contraste diagnose e propostas de mellora	75
2.5.6.	Reunións con diferentes colectivos e entidades.....	76

2.5.7.	Foro Final de desenvolvemento Rural (2023).....	77
2.5.8.	Reunións con técnicos locais de emprego (2022-2023).....	81
2.5.9.	Reunións de órgano sociais: xunta directiva (2022-2023).....	83
2.5.10.	Reunións de órgano sociais: asemblea (2022-2023).....	84
2.6.	Plan de comunicación (2022-2023).....	85
2.6.1.	Comunicacións corporativas	85
2.6.2.	Publicacións na web do GDR Pontevedra Morrazo	103
2.6.3.	Publicacións en redes sociais: facebook e instagram.....	111
2.6.4.	Medios de comunicación: prensa	123
2.5.4.1.	Notas de prensa enviadas	123
2.5.4.2.	Publicacións en prensa	135
3.	Cronograma e descrición das actuacións e actividades desenvolvidas (Apartado b).....	145
3.1.	Fases e actividades do proceso	147
3.1.1.	Fase 1. Presentación da metodoloxía e obxectivos.....	147
3.1.2.	Fase 2. Análise de información de carácter secundario.	149
3.1.3.	Fase 3. Traballos de campo: dimensión participativa	150
3.1.4.	Fase 4. Elaboración de documentos.	153
3.2.	Cronograma de traballo	153
4.	Metodoloxía e análise de información (Apartado c).....	155
4.1.	Metodoloxía de traballo	157
4.2.	Recursos metodolóxicos e materiais empregados	158
5.	Resultados e conclusións do proceso de participación	165
5.1.	Análise de resultados obtidos.....	167
5.1.1.	Análise das necesidades do territorio	167
5.1.2.	Análise das limitacións do territorio.....	169
5.1.3.	Análise das potencialidades do territorio	170

1. Introducción

1.1. Introdución

Este documento fai referencia ao proceso participativo deseñado e implementado para a elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa do GDR Pontevedra Morrazo Correspóndese co apartado A do anexo C, das bases reguladoras para convertérense en entidades colaboradoras da medida Leader de Galicia para o período 2023-2027.

O GDR Pontevedra Morrazo réxese baixo o principio de Portas Abertas, o que significa que a entidade está aberta á admisión de novas persoas socias cumprindo os requisitos fixados nos estatutos. Este principio supón un dinamismo na súa base social, entendendo que a comunidade é algo vivo que vai cambiando, o cal implica cambios na súa composición, pero tamén nos intereses da comunidade local. Facéndose eco deste principio, deséñase un proceso de participación aberto á cidadanía, que foi representativo das necesidades e oportunidades que brinda o territorio, para a execución do programa, no vindeiro período de fondos comunitarios.

O Plan de Participación constitúe un recurso central no proceso de definición da estratexia do GDR. Boa parte do éxito do proceso de elaboración da Estratexia de desenvolvemento local participativo (EDLP) depende da implicación e a corresponsabilización das entidades e institucións locais. A construción dun pacto colectivo, reforza o papel central que ten o capital social no propio proceso de participación, ao tempo que senta a base par estruturar futuras intervencións no territorio.

Para que a EDLP conectase cos intereses da comunidade e do territorio configurouse un proceso dende a participación activa, presencial e virtual, no que se reforzou o compromiso das institucións, entidades locais e veciñanza do territorio, no seu propio desenvolvemento. A elaboración da EDLP supuxo unha oportunidade para a dinamización do tecido local, ofrecendo un espazo para o reforzo da gobernanza na definición dun proxecto de futuro para o conxunto do territorio.

2. Relación de persoas e entidades participantes (Apartado a)

2.1. Proceso de participación (2022-2023)

O proceso de elaboración da estratexia estivo supeditado ao estipulado nas bases reguladoras para a selección das entidades candidatas a colaborar na xestión do programa Leader.¹

A continuación expoñemos un resumo das actividades desenvolvidas no proceso de elaboración da estratexia, incluíndo actividades complementarias ao propio proceso e recollendo reunións dos órganos sociais do GDR.

1. Reunións cos Técnicos Locais de Emprego:
Reunións TLE (2022): Día 15/06, Día 20/10, Día 13/12
Reunións TLE (2023): Día 24/05, Día 04/07
2. Reunións con entidades e colectivos territoriais:
Día 04/08/2022: Asociación de Veciños Fenteira
Día 04/08/2022: CCOO Ferroviario
Día 05/08/2022: Fundación LEGAR
Día 15/11/2022: Cluster do ECOMMERCE Galego
3. Xuntas Directivas do GDR
Xunta Directiva (2022): Día 10/03, Día 22/06, Día 26/09, Día 07/12, Día 16/12
Xunta Directiva (2023): Día 12/05, Día 05/06
4. Asembleas do GDR
Asemblea (2022): Día 26/09, Día 16/12
Asemblea (2023): Día 05/07
5. Posta en marcha, xestión e animación do proceso participativo a través de Web e Redes sociais (facebook, instagram). Xestión de medios, notas de prensa, e seguimento e arquivo de novas; incluído envío por correo electrónico e por teléfono de cuestionario, convites/convocatorias, programas, cartel, enlace aos encontros virtuais, etc.; chamadas telefónicas e rexistro documental de cada actuación.
6. Cuestionario en liña: no que recolle as opinións sobre as principais necesidades e prioridades para o desenvolvemento do territorio dentro dun proceso de participación cidadá aberto.
7. Día 08/11/2022: Foro de Desenvolvemento Rural 2023_27. Pazo da Cultura de Pontevedra. Primeira xuntanza presencial: espazo aberto e de encontro, a calquera persoa ou entidade, para achegar ideas e propostas na elaboración da diagnose do territorio.
8. Xuntanzas estratéxicas virtuais e presenciais (2022): espazos de participación de carácter presencial e virtual, abertos a cidadanía, nos que calquera persoa ou entidade pode opinar e facer as súas achegas, propostas ou suxestións sobre as seguintes temáticas específicas e transversais:
 1. Día 22/11: Grupo estratéxico de Innovación e Desenvolvemento Sustentable (Presencial). Sede GDR Pontevedra Morrazo

¹ RESOLUCIÓN do 18 de maio de 2022 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 20 de abril de 2022 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de procedemento MR701F).

2. Día 24/11: Grupo estratéxico da Cohesión social e Equilibrio territorial (Virtual)
3. Día 24/11: Grupo estratéxico sobre Transformación dixital e Novas tecnoloxías (Virtual)
9. Día 30/11/2022: Foro virtual de contraste da diagnose e obxectivos estratéxicos
10. Día 15/06/2023: Foro Final de Desenvolvemento Rural 2023_27. Pazo da Cultura de Pontevedra. Segunda xuntanza presencial: espazo aberto e de encontro, a calquera persoa ou entidade, para definir os principais obxectivos e proxectos na elaboración da estratexia do territorio.


2.2. Espazos de participación (2022)

2.2.1. Espazos de participación na preparación e execución do proceso.

O proceso de participación pública para a preselección do GDR e posterior elaboración da diagnose estratéxica arranca do seo dos órganos sociais do propio GDR. En xullo de 2022 reúnen en xunta directiva e asemblea as entidades socias co obxectivo de poñer en marcha o proceso de elaboración da EDLP. Prodúcese ao mesmo tempo unha adaptación do marco estatutario da asociación, co obxectivo de reorganizar a composición da xunta directiva, para cumprir co estipulado no proceso de preselección que fixan as bases reguladoras.

Desta maneira apróbase un plan de participación orientado principalmente a recoller a opinión de axentes internos e externos ao propio GDR. Defínese unha estrutura de espazos de carácter dual, que combina a relación presencial e virtual entre axentes, e que está formada por espazos de carácter formal e espazos de participación abertos.

Imaxe 1. Modelo dual de participación



Os **espazos formais decisorios e de participación** son os órganos sociais soberanos da asociación e están regulados no seu marco estatutario. Estes foron os encargados de validar o proceso de traballo tendo a competencia para a dirección, xestión e aprobación de documentación do proceso de elaboración da EDLP, neste caso, da correspondente á fase de diagnose. Estes órganos foron elementos clave á hora de reforzar a participación activa de entidades externas. Do mesmo xeito, a organización da participación no GDR a través das mesas sectoriais, mantivo certa simbiose cos espazos de participación presencial, dando pé á estrutura de traballo para a elaboración da diagnose.

Os **espazos de participación abertos** refrendan o principio de portas abertas da asociación, reforzando ao mesmo tempo un enfoque participativo de carácter ascendente, principio no que se sustenta a metodoloxía Leader. A participación aberta recolleu principalmente a participación colectiva do tecido social e institucional do territorio, así como, a cidadanía en xeral, na cal se contemplou a participación de persoas beneficiarias do propio programa.


Para reforzar o proceso de participación establécese un **Grupo de coordinación e seguimento do proceso**, que tivo como principal cometido integrar as diferentes actividades definidas na metodoloxía, así como a estrutura de contidos, de cara á elaboración da estratexia. Este grupo estivo dirixido polo equipo técnico do GDR e contou coa participación das diferentes asistencia técnicas do proceso. Dada a calendarización do proceso estableceuse unha estrutura de traballo operativa e dinámica que se sustentou na aprobación dun documento de planificación do proceso e unha continua transmisión de información mediante vía telefónica e por correo electrónico preferentemente.

2.2.2. Datos globais de participación

En todo o proceso de participación participaron un total de 132 persoas, sen ter en conta as persoas que responden ao cuestionario (Estaríamos falando de ao redor de 230 persoas). Algunhas delas participaron en diferentes espazos debido á natureza da representación ou das temáticas analizadas. Considérase que dado o curto espazo de tempo do que se dispuxo para realizar o traballo nos diferentes espazos a participación foi elevada e representativa dos intereses do territorio.


Segundo a distribución por xénero pódese apreciar que predomina a participación dos varóns fronte a das mulleres: o 63% das persoas participantes son varóns.

Gráfico 1. Participación global no proceso por xénero




Se analizamos a distribución da participación por sectores vemos como a maior parte das persoas participantes representan a entidades do ámbito social. A seguinte categoría que aglutina máis persoas é a referente aos colectivos do ámbito agrogandeiro e forestal, onde este último ten bastante peso, sobre todo pola alta participación de entidades de montes veciñais en man común.

Gráfico 2. Participación por sectores.



Na seguinte gráfica apréciase con claridade a prevalencia da participación masculina en todos os espazos participativos, cun claro predomoinio nos grupos de traballo estratéxicos sobre innovación e novas tecnoloxías e dixitalización, ámbitos nos que se acusa máis esta tendencia.

Gráfico 3. Participación por xénero e por espazos de traballo



2.2.3. Espazos de participación presencial

Os principais espazos de traballo presencial son o Foro de desenvolvemento rural de Pontevedra Morrazo e a reunión do Grupo estratéxico de Innovación e Desenvolvemento Sostible.

No inicio do proceso ten lugar unha **reunión de planificación operativa** na que participan o equipo técnico do GDR e a asistencia técnica de apoio na elaboración da estratexia. O plan de participación e dinamización do proceso, así como o deseño, elaboración de contidos e análise de

información corre a cargo da empresa Cidadania, S. Coop. Galega, entidade que conta cunha longa traxectoria na planificación e execución de metodoloxías de traballo de DLP, así como cun amplo coñecemento do territorio.

O **Foro de desenvolvemento** celébrase nunha única xornada co obxectivo de reforzar a participación presencial, establecendo a reunión no Pazo da Cultura de Pontevedra. O principal obxectivo do Foro é o de recoller de primeira man a opinión de entidades do territorio sobre a situación actual do mesmo, determinando as súas necesidades e potencialidades, de cara á execución do programa. A estrutura de traballo do Foro é mediante o traballo en mesas sectoriais representativas dos intereses do tecido social e institucional da zona.

Co obxectivo de reforzar unha visión integradora e transversal do territorio realízase un **Grupo Estratéxico** de traballo, de carácter presencial: Grupo de innovación e desenvolvemento sostible. Esta reunión tivo lugar nas instalacións do GDR en Mourente, Pontevedra o martes 22 de novembro ás 19:00 horas. O seu principal obxectivo foi o de facer unha análise da situación actual do territorio de cara ver as potencialidades para favorecer a innovación no rural. Este grupo fixo un importante traballo para reforzar a análise diagnóstica, ao tempo que tivo uns resultados satisfactorios na realización de propostas de mellora que perfilaran o deseño de contidos do plan de acción. Tamén se perfilaron posibles ideas ou proxectos piloto para poñer en marcha no territorio. Neste sentido definíronse varias ideas, que se foron matizando ao obxecto de ver cales de elas eran máis viables para a súa posta en marcha.

Táboa 1. Espazos de participación presencial na elaboración da EDLP: participación por xénero

Actuación	Data	Lugar	Participación		
			M	H	Total
Reunión de planificación	14/10/2022 as 12h	Sede GDR Pontevedra	0	3	3
Primeiro Foro de desenvolvemento Rural	08/11/2022 ás 19:00h	Pazo da Cultura de Pontevedra	19	26	45
Grupo estratéxico de innovación e desenvolvemento sostible	22/11/2022 ás 19:00h	Sede do GDR Mourente Pontevedra	8	23	31

Táboa 2. Espazos de participación presencial na elaboración da EDLP: participación por sectores

Actuación	Participación por sectores				
	Institucional	Agrogandeiro e forestal	Económico	Social	ND*
Reunión de planificación	3	0	0	0	0
Primeiro Foro de desenvolvemento Rural	10	12	3	15	5
Grupo estratéxico de innovación e desenvolvemento sostible	5	11	3	4	8

*Non dispoñible

2.2.4. Espazos de participación virtual

Os espazos virtuais pretenden reforzar a participación e achegas das entidades de cara a contrastar e validar a información e propostas que se realizaron no marco dos espazos de participación presencial deseñados. A participación foi aberta a entidades e cidadanía. Realizáronse dous grupos estratéxicos de carácter virtual e un foro final de contraste.

Os grupos que se desenvolveron foron os seguintes.

- **Grupo de transformación dixital e novas tecnoloxías.** Esta reunión celebrouse o día 24 de novembro ás 17:00 horas por videoconferencia. O principal obxectivo deste grupo foi de elaborar unha análise diagnóstica co sector do comercio electrónico, principalmente, sobre o impacto da dixitalización. Tamén se avanzaron propostas para reforzar integración das tecnoloxías en diferentes ámbitos de actuación.
- **Grupo de Cohesión social e equilibrio territorial.** Esta reunión tivo lugar o día 24 de novembro ás 19:00 horas por videoconferencia. Este grupo fixo tamén unha diagnose do territorio sobre as dificultades e barreiras que obstaculizan un desenvolvemento social equilibrado e inclusivo no territorio. Traballouse para definir propostas de mellora de cara a reforzar a cohesión social e o equilibrio territorial na zona que comprende o GDR.

O **Segundo Foro de desenvolvemento Rural: contraste diagnose e propostas de mellora**, tivo lugar o xoves 1 de decembro de 2022 ás 19:00 horas. Empregouse a plataforma zoom. Nesta reunión fíxose un contraste da diagnose da EDLP e definíronse as prioridades estratéxicas para o territorio.

Táboa 3. Enlaces ás reunións virtuais

Espazos de traballo	Lugar
Grupo estratéxico da cohesión social e equilibrio territorial	https://us02web.zoom.us/j/85336341339
Grupo estratéxico sobre transformación dixital e novas tecnoloxías	https://us02web.zoom.us/j/84834602411
Foro virtual de contraste da diagnose e propostas de mellora	https://us02web.zoom.us/j/84597897943

Táboa 4. Espazos de participación virtual na elaboración da EDLP: fase de diagnose

Actuación	Data	Lugar	Participación		
			M	H	Total
Grupo estratéxico sobre transformación dixital e novas tecnoloxías	24/11/2022 ás 17:00h	Zoom	3	15	18
Grupo estratéxico de Cohesión social e equilibrio territorial	24/11/2022 ás 19:00h	Zoom	7	4	11
Segundo Foro de desenvolvemento Rural: contraste diagnose e propostas de mellora	30/11/2022 ás 19:00h	Zoom	12	15	27

Táboa 5. Espazos de participación virtual na elaboración da EDLP: participación por sectores

Actuación	Participación por sectores				
	Institucional	Agrogandeiro e forestal	Económico	Social	ND
Grupo estratéxico sobre transformación dixital e novas tecnoloxías	0	1	11	4	0

Grupo estratéxico de Cohesión social e equilibrio territorial	0	0	1	10	0
Segundo Foro de desenvolvemento Rural: contraste diagnose e propostas de mellora	6	5	5	7	4

*Non dispoñible

De maneira complementaria tamén se empregou a conta corporativa do GDR Pontevedra Morrazo, co obxectivo de proporcionar maior información e atención sobre o proceso de elaboración da EDLP. En total recibíronse 4 solicitudes de información e de achegas ao proceso.

2.2.5. Cuestionario aberto á participación cidadá

Co obxectivo de reforzar a participación dun maior número de persoas e entidades elaborouse un cuestionario online, a través da plataforma google forms.

O cuestionario foi aberto á cidadanía, tentando recoller unha visión global de diagnose do territorio e as políticas de desenvolvemento rural, así como, a definición de propostas de mellora para o territorio, coa proposta de ideas o proxectos estruturas para contribuír ao desenvolvemento rural endógeno.

2.2.5.1. Datos básicos de participación


Co obxectivo de reforzar a participación dun maior número de persoas e entidades elaborouse un cuestionario online, que se se implementou a través da plataforma google forms.

O cuestionario foi aberto á cidadanía, tentando recoller unha visión global de diagnose do territorio e as políticas de desenvolvemento rural, así como, a definición de propostas de mellora para o territorio, coa proposta de ideas o proxectos estruturas para contribuír ao desenvolvemento rural endógeno.

Na cobertura do cuestionario participaron un total de 113 persoas. Destas 62 indican que participan en representación dalgunha entidade, mentres que o resto non o fan constar, polo cal se entende que é participación a título individual.


Como se pode apreciar na gráfica a participación é bastante equilibrada por xénero.

Gráfico 4. Cuestionario aberto á cidadanía. Participación por xénero




Se temos en conta a distribución da participación por idade, apréciase un maior volume de resposta entre as persoas de 40 a 59 anos, supoñendo o 56,6% do total de cuestionarios cubertos. O grupo de 60 e máis anos é o que concentra o segundo grupo máis numeroso de participantes (23,0%), sendo a porcentaxe dos de 20 a 39 anos lixeiramente inferior.

Gráfico 5. Cuestionario aberto á cidadanía. Participación por idade.




Atendendo á distribución municipal das persoas que participan no cuestionario vemos como o maior volume de respostas corresponde ao concello de Pontevedra, en total participan 26 persoas; supón o 23% do total das respostas. No concello de Cangas participan 18 persoas, 11 no de Bueu e nos concellos de Cerdedo-Cotobade e Moaña 10 en cada un, ocupando deste xeito o cuarto e quinto posto respectivamente. Barro, Marín e Poio rexistran seis cuestionarios cada un.

Gráfico 6. Cuestionario aberto á cidadanía. Participación por concellos.




A continuación hacemos unha distribución das respostas en función da tipoloxía de entidades, recordando que 62 persoas indicaron que participaban en nome das mesmas. As entidades que máis participan son as do ámbito social. As entidades do ámbito agrogandeiro e o institucional teñen unha participación case semellante. As que menos participan son as do ámbito económico.

Gráfico 7. Cuestionario aberto á cidadanía. Participación por tipoloxía de entidades.



No último apartado sobre os perfís de participación cómpre indicar que máis de tres cuartos das persoas que responden, o 76,1%, non teñen relación directa co GDR, no sentido de que non son socias do GDR nin beneficiarias do programa de axudas. En total responden 8 persoas en representación de entidades socias do GDR e 7 que son membros da xunta directiva.


Gráfico 8. Cuestionario aberto á cidadanía. Relación co GDR.



2.2.5.2. Valoración do programa de axudas do Leader

Un terzo das persoas participantes descoñece o programa de axudas do Leader, que xestiona o GDR Pontevedra Morrazo. Un cuarto das persoas indican que o programa é aceptable, considerando ao redor do 30% das persoas que o programa é bo ou moi bo para apoiar o desenvolvemento de proxectos no territorio. Un 10,6% considéranlo pouco ou nada relevante.

Gráfico 9. Valoración do programa de axudas do Leader



Tanto nos varóns coma nas mulleres a porcentaxe máis elevada asóciase ao descoñecemento do programa, sendo a segunda valoración máis elevada a que o consideran aceptable. De novo iguálase o comportamento nas persoas que o consideran como bo.

Táboa 6. Valoración do programa Leader por xénero

	Home	Muller	NS/NC	Total
Moi bo	13,2%	12,7%	0,0%	12,4%
Bo	17,0%	16,4%	20,0%	16,8%
Aceptable	22,6%	27,3%	20,0%	24,8%
Pouco relevante	5,7%	10,9%	20,0%	8,8%
Nada relevante	3,8%	0,0%	0,0%	1,8%
Non coñezo	37,7%	32,7%	40,0%	35,4%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

O grao de descoñecemento do programa é máis elevado entre as persoas máis maiores e as do intervalo de menor idade. O grupo de máis idade fai unha valoración bastante positiva do programa, ao igual que sucede no intervalo de idade anterior. Pola contra, as persoas de 20 a 39 anos, considéranlo pouco relevante, sen segundo lugar.

Táboa 7. Valoración do programa Leader por idade.

	De 20 a 39 anos	De 40 a 59 anos	De 60 e máis anos	Total
Moi bo	4,3%	14,1%	15,4%	12,4%
Bo	8,7%	20,3%	15,4%	16,8%
Aceptable	26,1%	25,0%	23,1%	24,8%
Pouco relevante	17,4%	7,8%	3,8%	8,8%
Nada relevante	4,3%	1,6%	0,0%	1,8%
Non coñezo	39,1%	31,3%	42,3%	35,4%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

As persoas beneficiarias de axuda valoran moi ben o programa: un terzo considéranlo moi bo, outro terzo bo e o outro terzo aceptable. No caso das persoas socias concéntrase tamén a respostas nestas tres categorías, considerando a metade que é bo, para o desenvolvemento local. No grupo de outras persoas, aparte do descoñecemento prima a valoración de aceptable co 24,4%.

Táboa 8. Valoración do programa Leader. Distribución por relación co GDR.

	Outra	Beneficiaria de axudas	Socio/a	Membro da XD	Ns/Nc	Total
Moi bo	9,3%	33,3%	25,0%	42,9%	0,0%	12,4%
Bo	16,3%	33,3%	50,0%	0,0%	0,0%	16,8%
Aceptable	24,4%	33,3%	25,0%	28,6%	22,2%	24,8%
Pouco relevante	11,6%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	8,8%
Nada relevante	1,2%	0,0%	0,0%	0,0%	11,1%	1,8%
Non coñezo	37,2%	0,0%	0,0%	28,6%	66,7%	35,4%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

2.2.5.3. Valoración sobre a importancia dos obxectivos da nova PAC

Neste apartado solicitábaselle ás persoas unha valoración sobre a importancia dos obxectivos da PAC, tendo en consideración unha escala de valor de 1 a 5, onde a valoración máis importante era 5.

Gráfico 10. Valoración sobre a importancia dos obxectivos da nova PAC. Promedios.



En liñas xerais a valoración da relevancia dos obxectivos da nova PAC é moi elevada, se temos en consideración que o obxectivo menos valorado acada un promedio de 4,14 sobre 5. Unhas das principais preocupacións son as relacionadas co desenvolvemento sostible e a potenciación da biodiversidade, onde se recolle o promedio de resposta máis elevado, que chega ao 4,61. Os dous seguintes obxectivos máis importantes para as persoas que responden ao cuestionario teñen que ver coa promoción da cohesión social e a alimentación saudable, con promedios do 4,58 e 4,55, respectivamente. Outros factores que manteñen certo equilibrio na resposta teñen que ver co relevo xeracional, a mellora da posición da agricultura e a mitigación do cambio climático.

As mulleres fan en liñas xerais unha valoración máis elevada dos obxectivos. Potenciar a biodiversidade, a alimentación saudable e a promoción do desenvolvemento sostible, manteñen uns rangos de valor practicamente semellantes, sendo os factores mellor valorados. A orientación ao mercado e a modernización do sector son os obxectivos menos valorados, se ben os promedios recollidos son moi elevados, 4,13 e 4,18 respectivamente.

No caso dos varóns os obxectivos máis estratéxicos son o desenvolvemento sostible e a cohesión social, cunha valoración moi parella, seguindo en terceiro lugar coa potenciación da biodiversidade e a conservación de hábitats e a paisaxe. Os seguintes obxectivos en importancia son o do relevo xeracional e o da mellora da posición da agricultura na cadea de valor.

A orientación ao mercado e a modernización do sector son os obxectivos menos valorados, igual que sucedía no caso das mulleres, se ben os promedios de puntuación tamén son moi altos, supoñendo o 4,20 e o 4,14 sobre 5.

Táboa 9. Valoración sobre a importancia dos obxectivos da nova PAC. Distribución da resposta por xénero.

	Home	Muller	NS/NC	Total
Promover o desenvolvemento sostible e a xestión eficiente dos recursos naturais (aire, solo, auga) reducindo a dependencia química	4,58	4,64	4,60	4,61
Potenciar a biodiversidade e a conservación de hábitats e a paisaxe	4,52	4,65	5,00	4,61
Promover a cohesión social das zonas rurais (igualdade no sector, a inclusión social) e a bioeconomía circular e a silvicultura sostible	4,57	4,56	4,80	4,58
Atender a unha alimentación saudable, con produtos de calidade, seguros, sostibles, e tamén, atender ao benestar dos animais	4,41	4,65	4,80	4,55
Apoiar o relevo xeracional nas explotacións e apoiar o desenvolvemento empresarial sostible nas zonas rurais	4,46	4,51	4,60	4,49
Mellorar a posición da agricultura na cadea de valor	4,45	4,49	4,20	4,46
Contribuír á mitigación e adaptación ao cambio climático, mediante a redución de emisións e a promoción de enerxías sostibles	4,43	4,58	3,40	4,46
Aumentar as rendas e a resiliencia do sector agrícola, para mellorar a seguridade alimentaria, a diversidade agrícola e a sostibilidade económica do sector	4,30	4,40	4,20	4,35
Mellorar a orientación ao mercado e aumentar a competitividade das explotacións agrícolas, reforzando a investigación, a tecnoloxía e a dixitalización	4,20	4,13	3,60	4,14
Modernizar o sector, a través da innovación e a dixitalización	4,14	4,18	3,60	4,14

As persoas de 60 e máis anos, consideran que os principais obxectivos da nova PAC son o desenvolvemento sostible e potenciar a biodiversidade.

As persoas de 40 a 59 anos comparten esta visión, se ben tamén reforzan a importancia da cohesión social, a alimentación saudable e o relevo xeracional, como factores que tamén teñen unha alta relevancia.

No caso das persoas de 20 a 39 anos os obxectivos mellor valorados son a preservación da biodiversidade e a promoción da cohesión social.

Neste colectivo anterior rexístranse os promedios máis baixos de respecto nos obxectivos de orientación ao mercado e modernización do sector. Este comportamento é extrapolable ao conxunto de persoas de 40 a 59 anos, onde emiten as valoracións máis baixas nestes dous obxectivos tamén. No caso das persoas de 60 e máis anos os obxectivos menos valorados son a modernización do sector, en liña cos dous grupos anteriores, incorporándose o aumento das rendas e a resiliencia do sector agrícola, para mellorar a seguridade alimentaria, a diversidade agrícola e a sostibilidade económica do sector, como o obxectivo menos valorado.

Táboa 10. Valoración sobre a importancia dos obxectivos da nova PAC. Distribución da resposta por idade.

	De 20 a 39 anos	De 40 a 59 anos	De 60 e máis anos	Total
Promover o desenvolvemento sostible e a xestión eficiente dos recursos naturais (aire, solo, auga) reducindo a dependencia química	4,39	4,68	4,62	4,61
Potenciar a biodiversidade e a conservación de hábitats e a paisaxe	4,61	4,62	4,58	4,61
Promover a cohesión social das zonas rurais (igualdade no sector, a inclusión social) e a bioeconomía circular e a silvicultura sostible	4,57	4,65	4,42	4,58
Atender a unha alimentación saudable, con produtos de calidade, seguros, sostibles, e tamén, atender ao benestar dos animais	4,39	4,61	4,54	4,55
Apoiar o relevo xeracional nas explotacións e apoiar o desenvolvemento empresarial sostible nas zonas rurais	4,30	4,61	4,38	4,49
Mellorar a posición da agricultura na cadea de valor	4,35	4,53	4,38	4,46
Contribuír á mitigación e adaptación ao cambio climático, mediante a redución de emisións e a promoción de enerxías sostibles	4,13	4,58	4,46	4,46
Aumentar as rendas e a resiliencia do sector agrícola, para mellorar a seguridade alimentaria, a diversidade agrícola e a sostibilidade económica do sector	4,30	4,43	4,19	4,35
Mellorar a orientación ao mercado e aumentar a competitividade das explotacións agrícolas, reforzando a investigación, a tecnoloxía e a dixitalización	3,83	4,16	4,35	4,14
Modernizar o sector, a través da innovación e a dixitalización	3,65	4,28	4,23	4,14

As persoas beneficiarias de axuda emiten a valoración máis alta en cinco dos obxectivos, cun promedio de 4 sobre 5; faise referencia que os obxectivos máis importantes son o desenvolvemento sostible, a preservación da biodiversidade, a cohesión social, a mitigación do cambio climático e a modernización do sector.

As persoas socias do GDR fan unha valoración máis elevada que o grupo anterior, considerando que a potenciación da biodiversidade é o máis importante, seguido do desenvolvemento sostible, a cohesión social, a alimentación saudable e o relevo xeracional, estes últimos que acadan unha puntuación de 4,63 sobre 5.

O comportamento entre as persoas que forman parte da xunta directiva é bastante semellante ao anterior, se ben presentan valores máis reducidos na valoración. Incluso son os que efectúan as valoracións máis baixas no que respecta á mellora da orientación ao mercado e a modernización do sector, onde o promedio de puntuación se sitúa nos 3,86 puntos.

No caso de persoas que non pertencen aos colectivos anteriores, son na mesma medida os obxectivos de desenvolvemento sostible o de potenciar a biodiversidade, os que consideran máis importantes, seguidos dos de cohesión social e a alimentación saudable, que obteñen valoracións de 4,59 sobre 5.

A modernización do sector é o obxectivo que menor puntuación acada, en liñas con case o resto de colectivos.

Táboa 11. Valoración sobre a importancia dos obxectivos da nova PAC. Distribución por relación co GDR.

	Outra	Beneficiaria de axudas	Socio/a	Membro da XD	Total
Promover o desenvolvemento sostible e a xestión eficiente dos recursos naturais (aire, solo, auga) reducindo a dependencia química	4,62	4,00	4,63	4,29	4,61
Potenciar a biodiversidade e a conservación de hábitats e a paisaxe	4,62	4,00	4,75	4,71	4,61
Promover a cohesión social das zonas rurais (igualdade no sector, a inclusión social) e a bioeconomía circular e a silvicultura sostible	4,59	4,00	4,63	4,43	4,58
Atender a unha alimentación saudable, con produtos de calidade, seguros, sostibles, e tamén, atender ao benestar dos animais	4,59	3,67	4,63	4,29	4,55
Apoiar o relevo xeracional nas explotacións e apoiar o desenvolvemento empresarial sostible nas zonas rurais	4,49	3,67	4,63	4,43	4,49
Mellorar a posición da agricultura na cadea de valor	4,55	3,67	4,25	4,00	4,46
Contribuír á mitigación e adaptación ao cambio climático, mediante a redución de emisións e a promoción de enerxías sostibles	4,48	4,00	4,50	4,00	4,46
Aumentar as rendas e a resiliencia do sector agrícola, para mellorar a seguridade alimentaria, a diversidade agrícola e a sostibilidade económica do sector	4,35	3,33	4,50	4,00	4,35
Mellorar a orientación ao mercado e aumentar a competitividade das explotacións agrícolas, reforzando a investigación, a tecnoloxía e a dixitalización	4,14	3,67	4,38	3,86	4,14
Modernizar o sector, a través da innovación e a dixitalización	4,11	4,00	4,38	3,86	4,14

2.2.5.4. Valoración sobre as prioridades do Leader

Apréciase en liñas xerais un comportamento en promedios de valoración bastante similares entre os relacionados cos obxectivos da nova PAC e as prioridades do Leader.


O desenvolvemento endógeno e a problemática demográfica son os aspectos que se consideran máis importantes xunto coa mellora na dotación de servizos e infraestruturas nas zonas rurais. Esta valoración pon de relevo a importancia destes factores para o desenvolvemento das contornas rurais, onde a perda poboacional é unha constante, ao tempo que a diminución na prestación de servizos de carácter básico.

Tamén se valoran de maneira importante os sistemas agroalimentarios e forestais sostibles e diversificadores e a aposta por modelos de xestión forestal sostibles.

Se ben as puntuacións emitidas son elevadas, as cuestións que presentan unha valoración máis baixa son a promoción das mulleres na dirección das explotacións e a incorporación das mulleres das actividades agrogandeiras. Con todo, acadan uns promedios de 4,17 e 4,16 respectivamente, dando conta se que estas prioridades do Leader si que se consideran importante, se facemos unha interpretación conxunta dos datos.

En liñas xerais hai un alíñamento das prioridades definidas no programa Leader coas debilidades que afectan a este territorio.

Gráfico 11. Valoración sobre as prioridades do Leader na nova PAC. Promedios.



No caso dos varóns o desenvolvemento endógeno e a dotación de servizos son os factores que se consideran máis relevantes, superando a valoración do 4,43 que recolle esta última prioridade. Para as mulleres o máis importante é o asentamento da poboación e a integración social.

Táboa 12. Valoración sobre as prioridades do Leader na nova PAC. Distribución da resposta por xénero.

	Home	Muller	Total
O desenvolvemento endógeno (emprego dos recursos do territorio)	4,51	4,48	4,50
A permanencia e asentamento de nova poboación, mocidade e mulleres, nas zonas rurais	4,43	4,55	4,50
A dotación e mellora de infraestruturas e servizos nas áreas rurais	4,56	4,42	4,47
Sistemas agro-alimentario e forestal sostibles e diversificadores	4,45	4,46	4,46
A aposta por modelos de xestión forestal sostible	4,47	4,38	4,44
A mellora e integración de colectivos en risco de exclusión social	4,29	4,47	4,39
A aposta pola bioeconomía circular (tamén a formación, divulgación e transferencia de coñecemento)	4,42	4,35	4,37
A promoción da silvicultura preventiva, restauración danos, infraestruturas forestais, vías pecuarias e o pastoreo	4,31	4,24	4,30
A vinculación entre órganos de decisión e mulleres nas entidades representativas do sector	4,12	4,42	4,28
O emprendemento e o talento innovador	4,23	4,36	4,27
A promoción das mulleres na dirección das explotacións	4,02	4,31	4,17
A incorporación e permanencia mulleres nas actividades agrogandeiras	4,10	4,20	4,16

Nunha parte moi importante das prioridades a valoración do colectivo de 40 a 59 é a máis elevada, sendo o promedio mínimo de 4,32 no que respecta á promoción da silvicultura preventiva. En liñas xerais as puntuacións das persoas máis novas son máis reducidas, recolléndose os promedios máis baixos de todo o conxunto; as prioridades relacionadas co ámbito de xénero son as que rexistran os promedios máis baixos, de 3,57 puntos.

As persoas de 60 e máis anos valoran como máis importante a aposta por modelos de xestión forestal sostible, promedio de 4,50. Nun segundo lugar considérase como prioritario o desenvolvemento endógeno (emprego dos recursos do territorio) cun promedio de 4,48, estando lixeiramente por debaixo o relacionado coa prestación de servizos e infraestruturas nas áreas rurais.

Táboa 13. Valoración sobre as prioridades do Leader na nova PAC. Distribución da resposta por idade.

	De 20 a 39 anos	De 40 a 59 anos	De 60 e máis anos	Total
O desenvolvemento endógeno (emprego dos recursos do territorio)	4,30	4,58	4,48	4,50
A permanencia e asentamento de nova poboación, mocidade e mulleres, nas zonas rurais	4,35	4,61	4,35	4,50
A dotación e mellora de infraestruturas e servizos nas áreas rurais	4,22	4,57	4,46	4,47
Sistemas agro-alimentario e forestal sostibles e diversificadores	4,41	4,50	4,42	4,46
A aposta por modelos de xestión forestal sostible	4,26	4,48	4,50	4,44
A mellora e integración de colectivos en risco de exclusión social	4,39	4,40	4,38	4,39
A aposta pola bioeconomía circular (tamén a formación, divulgación e transferencia de coñecemento)	4,22	4,42	4,38	4,37
A promoción da silvicultura preventiva, restauración danos, infraestruturas forestais, vías pecuarias e o pastoreo	4,17	4,32	4,35	4,30
A vinculación entre órganos de decisión e mulleres nas entidades representativas do sector	3,91	4,37	4,38	4,28
O emprendemento e o talento innovador	3,91	4,37	4,35	4,27
A promoción das mulleres na dirección das explotacións	3,57	4,38	4,23	4,17
A incorporación e permanencia mulleres nas actividades agrogandeiras	3,57	4,33	4,31	4,16

Os membros da xunta directiva emiten as puntuacións máis elevadas, en sete das doce prioridades do programa. Nas restantes prevalece a puntuacións das persoas socias sobre o resto de colectivos.

O asentamento poboacional é o factor máis valorado polas persoas que son beneficiarias das axudas do Leader. Nun segundo lugar, destacan un número importante de prioridades que acadan unha puntuación semellante -promedio de 4,00-, e que fan referencia ao desenvolvemento endógeno, os sistemas agroalimentarios, a integración social, a aposta pola bioeconomía e diferentes aspectos relacionados coa promoción das mulleres en diferentes ámbitos.

No grupo das persoas socias tamén hai equilibrio nas máximas valoracións, sendo catro prioridades as que acadan a valoración máxima, dun promedio de 4,63 (asentamento poboacional, servizos, xestión forestal, inclusión social).

Para o grupo de outras persoas a prioridade máis valorada é a do desenvolvemento endógeno, 4,49, seguida da dotación de servizos con 4,47.

Táboa 14. Valoración sobre as prioridades do Leader na nova PAC. Distribución por relación co GDR.

	Outra	Beneficiaria de axudas	Socio/a	Membro da XD	Total
O desenvolvemento endógeno (emprego dos recursos do territorio)	4,49	4,00	4,50	4,57	4,50
A permanencia e asentamento de nova poboación, mocidade e mulleres, nas zonas rurais	4,45	4,67	4,63	4,71	4,50
A dotación e mellora de infraestruturas e servizos nas áreas rurais	4,47	3,67	4,63	4,29	4,47
Sistemas agro-alimentario e forestal sostibles e diversificadores	4,45	4,00	4,43	4,57	4,46
A aposta por modelos de xestión forestal sostible	4,42	3,67	4,63	4,43	4,44
A mellora e integración de colectivos en risco de exclusión social	4,36	4,00	4,63	4,57	4,39
A aposta pola bioeconomía circular (tamén a formación, divulgación e transferencia de coñecemento)	4,32	4,00	4,50	4,71	4,37
A promoción da silvicultura preventiva, restauración danos, infraestruturas forestais, vías pecuarias e o pastoreo	4,24	3,67	4,38	4,57	4,30
A vinculación entre órganos de decisión e mulleres nas entidades representativas do sector	4,26	4,00	4,38	4,43	4,28
O emprendemento e o talento innovador	4,27	4,33	4,13	4,43	4,27
A promoción das mulleres na dirección das explotacións	4,15	4,00	4,25	4,14	4,17
A incorporación e permanencia mulleres nas actividades agrogandeiras	4,13	4,00	4,25	4,29	4,16


2.2.5.5. Valoración da importancia da seguintes cuestións

A continuación unha das preguntas do cuestionario recollía unha serie de cuestións que son factores de importancia para acadar un desenvolvemento rural integrado e equilibrado en función das directrices e normativas que emanan, principalmente do Pacto Verde Europeo e resto de normas relacionadas.

Das cuestións analizadas, que son as que figuran nas táboas, vemos que todas presentan unhas valoracións bastante elevadas (escala 1 a 5), sendo a puntuación máis baixa a relacionada coa transición cara un modelo dixital e innovador nas actividades do medio rural e as cuestións relacionadas cos instrumentos de mobilidade de terras que figuran na Lei de recuperación de terra agraria de Galicia.

Entre os aspectos mellor valorados figuran o fomento do consumo dos produtos agrarios de proximidade, a xestión de residuos e a transición cara un modelo de desenvolvemento máis equilibrado e respectuoso co medio ambiente. A produción agraria e forestal sostibles son outros dos factores que se consideran máis importantes, cuns promedios de referencia de 4,51 sobre 5.

Gráfico 12. Valoración da importancia das seguintes cuestións. Promedios.



En liñas xerais a valoración das mulleres é máis elevada, sendo a súa principal preocupación a transición cara un modelo de desenvolvemento equilibrado co medioambiente. O factor máis puntuado polos varóns é o consumo de produtos do agro.

Táboa 15. Valoración da importancia das seguintes cuestións. Distribución da resposta por xénero.

	Home	Muller	Total
O fomento do consumo de produtos do agro de proximidade e saudables	4,58	4,64	4,63
A xestión adecuada dos residuos e a redución do seu impacto no medio	4,53	4,61	4,57
A transición cara un modelo de desenvolvemento máis equilibrado e respectuoso co medio ambiente	4,40	4,65	4,54
A produción sostible de produtos agrarios e gandeiros	4,48	4,55	4,51
A produción forestal sostible	4,53	4,46	4,51
A preservación de terras agrarias	4,41	4,46	4,45
O aproveitamento e a valorización de subprodutos gandeiros	4,50	4,29	4,39
A comercialización de produtos agrarios e gandeiros	4,48	4,18	4,35
A transformación de produtos agrarios e gandeiros	4,38	4,24	4,32
A transición cara un modelo dixital e innovador nas actividades do medio rural	4,00	4,15	4,05
A aposta por modelos de aproveitamento que figuran na Lei de recuperación de terras agrarias: aldeas modelo, polígonos agroforestais,...	3,96	4,09	4,05

Independentemente da idade o aspecto máis valorado é o fomento do consumo de produtos do agro de proximidade e saudables. A problemática dos residuos e a redución do impacto no medio é o segundo factor máis importante nos dous intervalos extremos de idade, mentres que para o intervalo de persoas de 40 a 59 anos está en segundo lugar a transición cara un modelo de desenvolvemento máis equilibrado e respectuoso co medio ambiente

Táboa 16. Valoración da importancia das seguintes cuestións. Distribución da resposta por idade.

	De 20 a 39 anos	De 40 a 59 anos	De 60 e máis anos	Total
O fomento do consumo de produtos do agro de proximidade e saudables	4,61	4,61	4,69	4,63
A xestión adecuada dos residuos e a redución do seu impacto no medio	4,61	4,56	4,58	4,57
A transición cara un modelo de desenvolvemento máis equilibrado e respectuoso co medio ambiente	4,35	4,60	4,58	4,54
A produción sostible de produtos agrarios e gandeiros	4,35	4,59	4,46	4,51
A produción forestal sostible	4,39	4,56	4,50	4,51
A preservación de terras agrarias	4,52	4,45	4,36	4,45
O aproveitamento e a valorización de subprodutos gandeiros	4,09	4,49	4,42	4,39
A comercialización de produtos agrarios e gandeiros	3,78	4,49	4,50	4,35
A transformación de produtos agrarios e gandeiros	4,00	4,38	4,46	4,32
A transición cara un modelo dixital e innovador nas actividades do medio rural	3,70	4,16	4,12	4,05
A aposta por modelos de aproveitamento que figuran na Lei de recuperación de terras agrarias: aldeas modelo, polígonos agroforestais,...	4,04	4,00	4,16	4,05

Os membros da xunta directiva emiten a valoración máis elevada -5- no que respecta ao fomento do consumo de produtos do agro de proximidade, igual que o grupo de outras persoas e as persoas beneficiarias de axuda, se ben neste último caso tamén están ao mesmo nivel a transición cara un modelo de desenvolvemento máis equilibrado e respectuoso co medio ambiente (compartida co colectivo de persoas socias do GDR) a transformación e comercialización de produtos agrarios e gandeiros.

Para o grupo de outras persoas e as persoas beneficiarias de axuda a dixitalización e a mobilidade de terras son as cuestións menos importantes, engadíndolle a este último colectivo o relacionado coa preservación de terras agrarias. Par as persoas socias o menos importante é a aposta por modelos de aproveitamento que figuran na Lei de recuperación de terras agrarias: aldeas modelo, polígonos agroforestais, que acada a valoración máis baixa en conxunto, un promedio de 3,88. No caso dos membros da xunta directiva do GDR que responden ao cuestionario a valoración máis baixa, cun promedio de 4,14, e a relacionada con múltiples aspectos como a produción, transformación e comercialización de produtos agrarios e os aspectos relacionados coa aplicación dos instrumentos da Lei de recuperación de terra agraria.

No que respecta ao Foro virtual houbo unha participación aberta a través de plenario, facendo inicialmente a exposición de contidos sobre o diagnóstico realizado en todos os espazos de participación anteriores. Neste contexto xerouse un debate co obxectivo de validar a apreciación diagnóstica, e definir potenciais propostas de mellora para dar solución aos retos definidos no diagnóstico. Esta información contextualizou un borrador de estrutura orientativo dos futuros obxectivos da estratexia.

Para a realización dos Foros fíxose un proceso de comunicación directo ao conxunto de entidades do territorio, partindo das bases de datos do GDR. Houbo información dos eventos a través da web e redes sociais do GDR. Por este motivo, podemos indicar que a participación foi aberta, reforzándose tamén a transparencia do proceso no contraste e volcado de contidos e información nas reunións.

Imaxe 4. Información sobre o proceso na web do GDR.



Imaxe 5. Información sobre o proceso nas redes sociais do GDR.



Definíronse materiais específicos para axudar á realización da diagnose definindo unha estrutura de cuestións que ordenaron o debate e o diálogo entre as persoas participantes. Tamén se realizou unha presentación gráfica co obxectivo de informar directamente ás persoas participantes sobre o proceso de traballo e a finalidade das distintas reunións.

Grupos estratéxicos

Os grupos traballaron tamén en reunións presenciais e virtuais co obxectivo de abordar, dende diferentes perfís, a diagnose e realización de propostas de mellora, que servirán para asentar o futuro plan de acción da estratexia.

Os grupos tamén seguiron un proceso de convocatoria a entidades do territorio, ao tempo que se formulou tamén a posibilidade de participar de maneira aberta. A estrutura de traballo foi semellante á das mesas sectoriais, se ben neste caso, se definiron dinámicas de traballo específicas.

Realizáronse tres grupos estratéxicos: o Grupo Estratéxico de Innovación e Desenvolvemento Sostible, o Grupo de Transición Dixital e Novas Tecnoloxías e o Grupo Estratéxico de Cohesión Social e Equilibrio territorial

O grupo de innovación e emprendemento no rural fíxose na Sede do GDR Pontevedra Morrazo. Este Grupo tivo como principal obxectivo o de establecer as limitacións e potencialidades para a innovación no contexto rural da zona de Pontevedra O Morrazo. No traballo do grupo, tamén se pescudaron potenciais proxectos piloto, para ver o interese das persoas e entidades participantes na promoción de proxectos tractores para o desenvolvemento territorial desta zona.

O segundo grupo, de transición dixital e novas tecnoloxías, puxo de relevo a importancia que o GDR lle dá a esta temática de cara ao desenvolvemento sostible e integrador do territorio. Neste sentido, considerouse que esta temática, que é un dos eixes que vertebran a diagnose, ten unha relevancia considerable, sobre todo no que supón un avance para a promoción da transformación e comercialización das distintas producións agropecuarias e forestais.

Por último, o grupo de cohesión social, pretendeu reforzar o carácter inclusivo e integrador da estratexia, dándolle unha importante transversalidade a esta temática na diagnose. Este grupo tamén fixo unha diagnose do territorio vendo como se podía dar unha resposta na futura estratexia, que reforzase a integración social de todas as persoas, a través de diferentes propostas, que mellorasen a calidade de vida das persoas, ao tempo que contribúan á fixación de poboación no medio rural. O perfil de participación céntrase en entidades do ámbito da inclusión social, entidades de mulleres, de igualdade,... Tamén se convidou á participación a técnicos locais, CIM e persoal da área de servizos sociais.

3.1.4. Fase 4. Elaboración de documentos.

A última fase do proceso consiste na elaboración de documentos necesarios para a EDLP, en función da estrutura pautada na orde. A documentación producida no proceso foi contrastada e validada a través do Segundo Foro de Desenvolvemento, que foi de carácter virtual

Este espazo tivo como principal finalidade a de ampliar a participación das entidades e cidadanía no contraste e validación da información do proceso.

Para fomentar a participación nesta reunión realizouse un convite xeral ás entidades socias do GDR, así como ao conxunto de contactos do mesmo. Tamén se puxo accesible a información a través da web e redes sociais, co obxectivo de reforzar o carácter aberto do proceso.

3.2. Cronograma de traballo

A continuación expoñemos o cronograma de traballo.

Táboa 19. Cronograma de actividades.

Fase	Actividades a desenvolver	MES 1	MES 2	MES 3
Fase 1. Presentación da metodoloxía e obxectivos	Elaboración de documento de planificación	■		
	Identificación de contactos e proporción de datos	■		
	Entrevista a equipo técnico	■		
	Aprobación de cronograma e plan de traballo	■		
Fase 2. Análise de información secundaria	Realización de diagnose de datos do territorio	■	■	
	Realización de análise retrospectiva dos programas Leader no territorio	■	■	
	Elaboración de borradores de documentos	■		
Fase 3. Traballos de campo	Convite Foros de desenvolvemento	■	■	
	Envío de convite e divulgación	■	■	
	Realización de Foros		■	
	Recollida de información dos Foros		■	
	Convocatoria de Grupos estratéxicos	■		

Fase 4. Elaboración de documentos	Envío de convite e divulgación	■	
	Realización de 3 grupos		■
	Recollida de información dos grupos		■
	Deseño e aloxamento de cuestionario online	■	
	Remisión de convite do cuestionario	■	
	Peche e análise de información do cuestionario		■
	Elaboración de documentos provisionais		■
	Reunión virtual de contraste de documentos		■
	Elaboración final de documentos		■

4. Metodoloxía e análise de información (Apartado c)


4.1. Metodoloxía de traballo

A elaboración da EDLP sustentouse na metodoloxía do Desenvolvemento Local Participativo, que contempla como elemento central a participación activa das entidades e da cidadanía da zona pesqueira.

O desenvolvemento local a través da participación comunitaria é concibido cun enfoque “abaixo-arriba”: o tecido social, en representación dos intereses locais, asume o papel protagonista. A implicación de diversas entidades na elaboración da EDLP garante unha visión ampla sobre as necesidades e as potencialidades do territorio, obtendo como resultado unha EDLP integrada e sostible do territorio.

No Plan de participación recóllese a aplicación da triangulación metodolóxica de traballo, que se sustenta na aplicación de diferentes tipos de técnicas de investigación social: cuantitativas, cualitativas e participativas.

Imaxe 6. Triangulación metodolóxica



En relación ás técnicas de investigación cuantitativa, obtívose unha visión diagnóstica que permitiu facer unha radiografía da evolución e situación do territorio, sobre todo nos dous últimos programas, en función de diferentes parámetros, que arrouparon a elaboración dunha diagnose de datos secundarios sobre diferentes variables territoriais: demografía, estrutura económica, mercado de traballo, servizos á poboación, patrimonio natural e cultural, etc. Explotouse información procedente de diferentes fontes de información, prioritariamente públicas (IGE, INE, etc.). Os principais aspectos analizados foron:

- A realidade física, social e económica do territorio: delimitación territorial, datos de poboación e demografía, ámbito sociolaboral, ámbito empresarial e turístico,...
- O sector agrogandeiro e forestal: datos territoriais, datos socioeconómicos, datos do sector forestal,...
- Datos de equipamento e infraestruturas: equipamentos e infraestruturas locais.
- Recursos medioambientais e patrimoniais: espazos naturais protexidos, xestión de residuos, patrimonio cultural material e inmaterial.

No que respecta á investigación cualitativa, recolleuse a opinión e visión do conxunto de axentes do territorio, a través de ferramentas como o buzón de suxerencias e información do propio GDR, a través do correo electrónico; a implementación do cuestionario; ou ben as dinámicas de traballo dos diferentes espazos. A dinámica de traballo do Grupo de Coordinación e Seguimento, arroupou tamén a elaboración da análise retrospectiva da implementación do programa Leader nos dous

períodos de programación anteriores. Abordáronse aspectos sobre o programa de axudas, a dinamización do programa, os baremos de puntuación, así como, as conclusións que serviron coma base para o establecemento de propostas de mellora.

A dimensión participativa impleméntase coa corresponsabilización no proceso participativo das entidades, institucións, persoas beneficiarias do programa e cidadanía en xeral. A través das xuntanzas presenciais e en liña, puxéronse de relevo distintas visións do territorio dende a experiencia de cada axente e entidade participante. Estes espazos deron pé á estrutura de contidos da diagnose, que se complementou coas achegas cuantitativas e cualitativas da análise realizada.

O principal resultado do proceso de diagnose é a realización do DAFO. Esta técnica permitiu ordenar unha análise estratéxica sobre a situación do territorio, en base a dúas dimensións: a interna e externa e a positiva e negativa. Cruzando estes criterios, establécese un cadro con 4 variables (acrónimo de DAFO): debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades.

Para operativizar o traballo dos Foros e os grupos estratéxicos elaboráronse unha serie de preguntas co obxectivo de identificar situacións que permitisen establecer a diagnose sobre o territorio.

Imaxe 7. Triangulación metodolóxica



4.2. Recursos metodolóxicos e materiais empregados

A aplicación da metodoloxía supuxo a elaboración e deseño dunha serie de materiais para divulgación do proceso e para traballar nos diferentes espazos participativos.

Imaxe 8. Plan de participación validado polo Grupo de Coordinación do Proceso (algunhas páxinas)



Estratexia de desenvolvemento local participativo do GDR Pontevedra Morrazo. Programa Leader 2023-2027.

1. O proceso de elaboración da EDLP

Este documento contén información sobre o proceso de elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo programa Leader do GDR Pontevedra Morrazo, no período do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural 2021-2027.

O proceso de elaboración da estratexia estará supeditado ao estipulado na **RESOLUCIÓN do 18 de maio de 2022** pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 29 de abril de 2022 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Leader, e para a aprobación da estratexia de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2021 e 2023 (código de procedemento MR701F).

Aproceso de traballo para a elaboración da estratexia ten dous obxectivos:

1. **Elaborar o documento a estratexia local de desenvolvemento de Pontevedra Morrazo.**
2. **Promover a participación activa de institucións, entidades e colectivos sociais e a cidadanía na elaboración da estratexia.** Hai que ter en conta que é un proceso aberto á cidadanía do territorio. Para isto deseñanse diferentes espazos de traballo, de carácter presencial e virtual.

2. Contidos da estratexia

Os contidos da estratexia fan referencia ao ANEXO C das citadas bases. Os apartados A-G realízanse no ano 2022. Os apartados H e I faranse en 2023. Os seus contidos son:

- A. Descrición do proceso participativo**, incluíndo relación de entidades participantes, actividades desenvolvidas, metodoloxía e resultados.
- B. Análise e diagnóstico de contexto territorial e socioeconómico** que afecta o desenvolvemento rural no ámbito territorial proposto (Diagnose socioeconómica, DAFO, necesidades e Retos).
- C. Análise da actuación retrospectiva do desenvolvemento local participativo** no territorio de actuación: avaliación dos resultados obtidos nos programas anteriores. Farase unha análise comparativa de 2007-2013 e 2014-2020, en relación as necesidades do territorio, a evolución das estratexias, baremos, programa de axudas... para ver o seu cumprimento.
- D. Análise do novo marco normativo e institucional e impacto previsible** na futura estratexia. Farase unha análise de coherencia con estratexias, programas europeos, nacionais e galegos.

1

Estratexia de desenvolvemento local participativo do GDR Pontevedra Morrazo. Programa Leader 2023-2027.

5.1.1 Mesas sectoriais

As mesas sectoriais teñen o obxectivo de afondar na análise diagnóstica, partindo dunha estrutura de ordenación de contidos que versará sobre a sustentabilidade, a transformación ecolóxica e a transición dixital.

Realizarase unha sesión das mesas sectoriais de participación cunha duración aproximada de 2 horas. Esta reunión terá lugar:

- Martes 8 de novembro ás 17:00 horas no Pazo da Cultura de Pontevedra

Nesta reunión trátase de establecer entre os axentes participantes unha diagnose estratéxica, co fin último de obter un DAFO, partindo dunha diagnose socioeconómica. A estrutura das mesas de análise e proposta é a seguinte:

- Mesa do Sector público-institucional.
- Mesa do Sector agroalimentario e forestal: produción, transformación, comercialización, consumo de produtos.
- Mesa da Diversificación da economía e actividades innovadoras.
- Mesa do Patrimonio medioambiental e cultural

Os principais perfiles de entidades e persoas a participar na reunión son:

- Sector público: comprenderá a todos os concellos do territorio integrando perfiles públicos e técnicos.
- Sector agrogandeiro e forestal, comprendendo o conxunto de iniciativas empresariais, institucionais e sociais de dito ámbito.
- Sector socioeconómico. Entidades do sector turístico, así como, entidades doutros sectores económicos e sociais como poden ser a industria, o comercio, a artesanía, etc., en xeral, o tecido económico local en xeral.
- Sectores vinculados ao ámbito do patrimonio natural e cultural do territorio. A incorporación de entidades que defenden ou promoven a conservación e o aproveitamento destes elementos é fundamental, de cara a garantir a sustentabilidade social e ambiental da proposta.
- Entidades do ámbito social, vinculadas á inclusión social, de mulleres, da mocidade, ou outros colectivos con especial vulnerabilidade.
- Entidades do ámbito científico, investigador, da formación, vinculados ao desenvolvemento rural e promoción de actividades do sector primario,...

A estrutura de participación é aberta e definirase en función dos intereses do proceso de participación da EDLP. A participación estruturarase en dous anos:

- Ano 2022. Primeira xuntanza: diagnose estratéxica da zona territorial
- Ano 2023. Segunda xuntanza: proposta estratéxica de actuación (non a abordamos neste documento).

3

Estratexia de desenvolvemento local participativo do GDR Pontevedra Morrazo. Programa Leader 2023-2027.

electrónico a todas as persoas participantes no proceso, así como, aos contactos do GDR Pontevedra Morrazo.

Esta **reunión virtual** terá lugar o mércores 30 de novembro de 2022 ás 18:00 horas. Empregarase a plataforma zoom. O enlace da reunión é o seguinte:

<https://us02web.zoom.us/j/87264437716>

Nesta reunión presentaranse as conclusións do traballo realizado, co obxectivo de pechar o DAFO da estratexia e validar o marco de necesidades e retos de cara ao futuro programa do Leader. Tamén poderán facerse propostas, de cara a definir un marco amplo para elaborar os obxectivos da EDLP.

Cómpre tamén indicar que está activo un **cuestionario online** que recolle a visión dos axentes do territorio sobre a adecuación da estratexia aos obxectivos do Plan Estratéxico da PAC para España, sobre as prioridades do programa Leader, así como unha valoración daqueles factores que se consideran máis importantes nesta zona. O enlace ao cuestionario é o seguinte: <https://forms.gle/karhRNalhv1B4tWv5>

Por último, todas aquelas persoas que desexen ampliar información sobre o proceso poderán contactar co GDR Costa da Morte no correo electrónico:

xerencia@pontevedramorrazo.eu

5. Calendario das reunións

Actividades	Día	Hora	Lugar
Cuestionario online (apertura e peche)	30/10 – 29/11/2022	-	-
Reunión das mesas sectoriais (todas os sectores)	08/11/2022	17:00	Pazo da Cultura de Pontevedra
Grupo: innovación e desenvolvemento sustentable	22/11/2022	18:00	St. Arceiro
Grupo: cohesión social e equilibrio territorial	24/11/2022	18:00	Zoom
Reunión virtual de contraste	30/11/2022	18:00	Zoom
Transformación dixital e novas tecnoloxías			

21

Imaxe 9. Presentación realizada nos espazos de traballo



ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO
2023-27 LEADER PONTEVEDRA-MORRAZO



OBJECTIVOS DO PROCESO

1. Elaborar os **contidos** da estratexia local de desenvolvemento de Pontevedra Morrazo para o programa de fondos Leader 2023-2027.
2. Promover a **participación activa** de institucións, entidades e colectivos sociais e a cidadanía na elaboración da estratexia. É un proceso aberto á cidadanía do territorio.



FASES DO PROCESO


ANO 2022
Elaboración da diagnose estratéxica de actuación

Análise de información secundaria

ANO 2023
Proposta de plan de acción

Dimensión participativa de análise

Elaboración de contidos segundo a orde



PRESENCIAIS

1. Primeiro Foro de Desenvolvemento Rural
2. Grupo estratéxico de innovación e desenvolvemento sostible

VIRTUAIS

1. Cuestionario aberto
2. Grupo de transición dixital e novas tecnoloxías
3. Grupo estratéxico de cohesión social e equilibrio territorial
4. Segundo Foro de contraste da diagnose estratéxica



MESAS SECTORIAIS


INSTITUCIONAL

AGROGANDEIRA E MONTES

ECONOMÍA E TURISMO

SOCIAL

MESA DO PATRIMONIO E MEDIOAMBIENTE



CONTIDOS DA EDLP

ANO 2022

- A. Descrición do proceso participativo.
- B. Análise e diagnóstico do contexto territorial e socioeconómico.
- C. Análise da actuación retrospectiva do desenvolvemento local participativo.
- D. Análise do novo marco normativo e institucional.
- E. Análise da situación actual de uso e xestión do territorio.
- F. Coordinación coas estratexias globais de desenvolvemento rural de Galicia.
- G. Propostas de proxecto piloto.

ANO 2023

- H. Objectivos.
- I. Plan de acción

Imaxe 10. Materiais de traballo: fichas de diagnose para o traballo de mesas no Primeiro Foro.



MESA INSTITUCIONAL

1. De que xeito poden os concellos promover o sector agroganqueiro e forestal? Algunha liña de actividades concreta (por exemplo, recuperación de terras agrarias)?
2. Como se pode apoiar dende os concellos o produto do campo para que se asuma como necesario nunha alimentación saudable e de proximidade?
3. Como podemos apoiar dende o público proxectos de diversificación (por exemplo, turismo rural, actividades de natureza,...) que animen á cidadanía a promover proxectos? Que ámbitos destacarías na túa zona?
4. Hai algunha liña de traballo ambiental que se poda implementar ou promover dende os concellos? E para que?
5. Como se pode promover dende as entidades municipais a posta en valor do patrimonio material e inmaterial do medio rural? Que elementos quedan pendentes?
6. Que medidas de mellora enerxética deben terse en conta no medio rural para un desenvolvemento máis sostible? En actividades, en equipamentos, etc.
7. Como pode contribuir o concello á implementación de novas tecnoloxías no medio rural e, sobre todo, nas actividades agroganqueiras e forestais?
8. Que liñas de traballo cooperativo entre entidades municipais e o sector agroganqueiro e forestal poden ser de interese cara un futuro? E por que? É necesario algún cambio ou superar algunha barreira?



MESA ECONOMÍA E TURISMO:
DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL

1. Como ves a situación actual: que cousas ves positivas e que cambios se precisarían para un maior desenvolvemento do medio rural no teu territorio? Que condicións do teu territorio facilitarían a posta en marcha de novos proxectos?
2. Que ámbito ou tipo de actividade económica relacionada co medio rural podería potenciarse máis? Que sexa unha necesidade ou oportunidade para o territorio?
3. Que recurso relacionado co medio rural consideras que é un gran descoñecido no territorio?
4. Poderías identificar cal é a principal dificultade para poñer en marcha proxectos innovadores no medio rural? E poderías identificar algunha boa práctica que poda ser un referente? Que elementos debe reunir unha boa práctica?
5. Cales son as principais necesidades do medio rural para adaptarse ás novas tecnoloxías?
6. Cal consideras que pode ser a principal traba para o emprendemento no medio rural de cara o futuro?



MESA DO PATRIMONIO AMBIENTAL E CULTURAL

1. Como consideras o estado ambiental do medio rural? Segues vendo contaminación? Para ti cales son os residuos que máis afectan ao medio rural? Cales son as causas ou factores destes residuos?
2. Poderías identificar, no caso de que haxa, os elementos que están tendo un impacto negativo no medio rural? Como afectan? E, en particular para un mellor desenvolvemento agrario e gandeiro?
3. O cambio climático é un fenómeno actual que afecta a dinámica da produción agrogandeira e forestal. Podes sinalar que consecuencias concretas ten sobre o campo?
4. Que principais cambios/necesidades se deben dar na actividade agrogandeira e forestal para adaptarse á consecuencias do cambio climático?
5. Que melloras ecolóxicas se deben dar no teu territorio en para propia actividade agrogandeira?
6. Queda algún elemento patrimonial no medio rural que fora interesante poñelo en valor ou adaptalo/melloralo cara as novas necesidades e cambios sociais?



MESA AGROGANDEIRA E MONTES

1. Como consideras o estado actual do medio rural: agricultura, gandería, horta, viticultura, forestal, ... Como o describirías?
2. Como valoras o coitado e atención do medio rural? Cal consideras que pode ser o seu principal problema para o seu mantemento?
3. O produto agrogandeiro en Galicia é de gran calidade, pero poderíase poñer máis en valor? Cal é, se hai, a principal traba que pode frear unha maior posta en valor?
4. Indica o principal cambio que se debería dar para adaptar o sector agrogandeiro e forestal ás novas tecnoloxías?
5. Cal sería a característica(s) principal(e)s que destacarías no teu territorio, o que ten ou tería un maior atractivo para ti?
6. Como ves a situación actual do asociacionismo agrogandeiro e forestal? Cales son os principais problemas aos que se enfrenta nun futuro?



MESA DA COHESIÓN SOCIAL, IGUALDADE E MOCIDADE

1. Que trabas ten a actividade agrogandeira e forestal para incorporar as novas xeracións?
2. Como podemos animar e implicar ás novas xeracións co medio rural para que este resulte máis atractivo como oportunidade laboral? E, en concreto, cara a actividade agrogandeira e forestal?
3. Que dinámicas de traballo habería que corrixir, cambiar ou incorporar para asegurar unha maior igualdade de oportunidades entre mulleres e homes (participación, decisión, liderado, recoñecemento profesional, ...)?
4. Que oportunidades poden ter as entidades de inclusión e as persoas usuarias para un maior integración no medio rural? Cales poder ser as principais barreiras que superar?



Mesa institucional

Imaxe 11. Ficha de dinámicas dos grupos estratéxicos

GRUPO ESTRATÉGICO
Innovación e Desenvolvemento Sostible

A innovación supón a incorporación de novas actividades, métodos e procesos de traballo, o apoio a novos tipos de empresas, produtos ou servizos, ou a innovación social. Non implica necesariamente a innovación tecnolóxica, senón que incluso pode consistir en aproveitar o coñecemento dunha comunidade para dar solucións aos retos locais. Ser ter un efecto multiplicador ou efecto de arrastre sobre os cambios que a comunidade quere lograr.

Determinar e analizar os factores desencadeantes da innovación nas zonas rurais. Que cambios se necesitan e que oportunidades/potencialidades temos presentes, en relación aos factores tecnolóxicos, ambientais, culturais, sociais, institucionais, ...?

CAMBIOS NECESARIOS PARA A INNOVACIÓN

OPORTUNIDADES/ POTENCIALIDADES PARA INNOVAR

GRUPO ESTRATÉGICO
Innovación e Desenvolvemento Sostible

Tes algunha idea ou proxecto innovador para promover o desenvolvemento sostible do medio rural?

1. Cal sería a idea ou proxecto innovador?
2. Para que se necesita?
3. Que resultados se obterían? Que impacto tería?
3. Quen ou que entidade o promovería?
4. Quen ou que entidades se beneficiarían?
5. En que consistiría? Que actividades habería que facer?
6. Que orzamento aproximado se precisaría para poñelo en marcha?

Imaxe 12. Cuestionario aberto á participación.

Preguntas Respuestas 94 Configuración

Cuestionario Aberto Elaboración EDLP GDR Pontevedra-Morrazo

O Grupo de Desenvolvemento Rural Pontevedra Morrazo, que comprende aos concellos de Barro, Bueu, Campo Lameiro, Cangas, Cerdedo-Cotobade, A Lama, Marín, Moaña, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra, Soutomaior e Vilaboa, está elaborando a Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) para o novo período de fondos 2021-2027 do programa Leader.

A participación neste proceso é aberta e queremos recoller a súa opinión sobre as principais necesidades e prioridades para o desenvolvemento do territorio. O tratamento dos datos será global, non facendo referencia á persoa que cubre o cuestionario.

Cal é o seu concello de residencia?

Respuesta corta

Texto de respuesta corta

Obligatorio

Imaxe 13. Convites para os espazos de traballo

PRIMEIRO FORO DE DESENVOLVEMENTO RURAL 23-27

A opinión das entidades e da cidadanía é moi importante para deseñar a futura Estratexia do programa Leader de Pontevedra Morrazo. Convidámoste a participar en diferentes mesas sectoriais para a súa elaboración!

Martes 8 de novembro ás 19:00 h

Pazo da Cultura de Pontevedra
Rúa de Alexandre Bóveda, s/n
36005 Pontevedra

+INFO
<https://www.gdrpontevedramorrazo.eu/web/es>

GRUPO ESTRATÉGICO INNOVACIÓN E DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE

A innovación é fundamental para a futura Estratexia do programa Leader de Pontevedra Morrazo. Convidámoste a participar!

Martes 22 de novembro ás 19:00 h

Sede do GDR Pontevedra Morrazo
Lugar Os Campos, 19 Mourente
Pontevedra

+INFO
<https://www.gdrpontevedramorrazo.eu/web/es>

21-22

www.gdrpontevedramorrazo.eu
#somosGDR



**GRUPO ESTRATÉGICO
TRANSFORMACIÓN DIXITAL
E NOVAS TECNOLOXÍAS**

A transformación dixital é clave para a Estratexia do programa Leader de Pontevedra Morrazo. Convidámoste a participar na súa elaboración!

Xoves 24 de novembro ás 17:00 h
Plataforma zoom
<https://us02web.zoom.us/j/84834602411>
+INFO
<https://www.gdrpontevedramorrazo.eu/web/es>

    X 21-22

www.gdrpontevedramorrazo.eu
#somosGDR



**GRUPO ESTRATÉGICO
COHESIÓN SOCIAL E
EQUILIBRIO TERRITORIAL**

A opinión das entidades e colectivos sociais é moi importante para deseñar a futura Estratexia do programa Leader de Pontevedra Morrazo. Convidámoste a participar na súa elaboración!

Xoves 24 de novembro ás 19:00 h
Plataforma zoom
<https://us02web.zoom.us/j/85336341339>
+INFO
<https://www.gdrpontevedramorrazo.eu/web/es>

    X 21-22

www.gdrpontevedramorrazo.eu
#somosGDR



**REUNIÓN VIRTUAL
CONTRASTE DIAGNOSE E
PROPOSTAS DE MELLORA**

A opinión das entidades e colectivos sociais é moi importante para deseñar a futura Estratexia do programa Leader de Pontevedra Morrazo. Convidámoste a participar na súa elaboración!

Mércores 30 de novembro ás 19:00 h
Plataforma zoom
<https://us02web.zoom.us/j/84597897943>
+INFO
<https://www.gdrpontevedramorrazo.eu/web/es>

    X 21-22

5. Resultados e conclusións do proceso de participación

5.1. Análise de resultados obtidos

5.1.1. Análise das necesidades do territorio

Na seguinte táboa inserimos as necesidades do territorio partindo da análise de información secundaria e o contraste nos diferentes espazos de participación.

Táboa 20. Necesidades do territorio.

NECESIDADES DO TERRITORIO	
Poboación e territorio	
N1	Fixación e consolidación de poboación no ámbito rural.
N2	Dignificar o modo de vida do rural, rompendo coa imaxe de pobreza e de pouco desenvolvemento.
N3	Necesidade dunha administración amable e próxima á cidadanía.
N4	A administración local debe ter unha boa diagnose das necesidades do seu concello para poder orientar ben a prestación dos servizos a diferentes perfís sociais.
N5	Maior dotación de servizos básicos para fixar poboación; prestándoos con carácter continuo e non estacional.
N6	Maior colaboración e cooperación entre o tecido social e institucións para atallar problemáticas nas zonas rurais que son comúns a todos: tecer rede.
N7	Implicación das entidades educativas para reforzar a conexión co medio rural.
N8	Apoio continuado ás entidades de inclusión para reforzar a cohesión social no territorio.
N9	Incremento dos investimentos nos concellos do medio rural.
N10	Necesidade de promover a economía social e colaborativa.
Actividade económica	
N11	Aproveitar os recursos locais para unha maior dinamización das actividades económicas, adaptadas á realidade local.
N12	Asesoramento, acompañamento e titorización de proxectos con carácter específico e individualizado para a promoción de negocios.
N13	Procura de recursos ou financiamento externo para dinamizar un turismo integrador do rural, a natureza, a aventura.
N14	Necesidade de soldos atractivos para que a mocidade aposte polo rural.
N15	Procurar o equilibrio financeiro nas zonas rurais, para o establecemento de actividades económicas.
N16	Necesidade de apostar pola desestacionalización das actividades económicas en xeral.
N17	Necesidade de diversificación das actividades económicas no medio rural.
N18	Necesidade de apostar por formación profesional regulada ou homologada.
Xerais no sector agrogandeiro e forestal	
N18	Cambios no modelo de xestión da propiedade.
N19	Necesidade dunha planificación máis cotundente no mundo rural para ir eliminando especies que son negativas para desenvolver outro tipo de cultivos ou actividades.

N20	Definir cal é o modelo de explotación que máis se adapta ás condicións da contorna: grandes ou pequenas.
N21	Socialización do asesoramento e a tecnificación nas actividades agrarias, procurando a agrupación de propietarios.
N22	Promoción do cooperativismo como fórmula de dinamización empresarial no ámbito agrario.
N23	Incorporación de novas xeracións ao ámbito agrogandeiro ou forestal e para iso necesitan ver un futuro.
N24	Incremento das vendas dos produtos locais, valorando as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías.
Actividades agrarias	
N26	Necesidade de potenciar actividades emerxentes agrogandeiras e forestais, como por exemplo a castaña.
N27	Recuperación de variedades autóctonas (millo corvo) e potenciación destas e os cultivos tradicionais.
N28	Divulgación da cultura do aceite de oliva, procurando a sinerxía con outros produtos de horta,...
N29	Formación para a promoción de cultivos tradicionais e para mellorar a comercialización, potenciando o Km0.
N30	Potenciar o comercio online, pero sen esquecerse dos mercados locais.
Viticultura	
N31	Maior asesoramento e apoio técnico neste tipo de cultivos.
N32	Necesidade de dar unha resposta efectiva coa investigación nos tratamentos contra as pragas, con medidas de prevención que reduzan a utilización de praguicidas, produtos fitosanitarios.
N33	Necesidades formativas no tratamento e aplicación de produtos fitosanitarios, tendo en conta os riscos que isto implica.
N34	Maior control na aplicación de produtos fitosanitarios, de maneira especial, en superficies onde haxa grandes extensións de cultivo.
N35	Estudos integrados para o control de pragas e enfermidades.
Actividade forestal	
N36	Profesionalización no ámbito forestal para mellorar a rendibilidade dos montes, prestando apoio inicial para que logo os proxectos vaian camiñando sos.
N37	Ter unha visión global da xestión do monte, prestando servizos de asesoramento técnico sobre un aproveitamento multifuncional do monte.
N38	Necesidade dunha formación e asesoramento continua ao sector e non estacional ou por cuestións específicas.
N39	Necesidade de reordenación do espazo agroforestal. No planeamento hai núcleos rurais ou zonas agrícolas que están cheos de eucaliptos.
N40	Necesidade de ordenación das comunidades de montes, aproveitando a diversificación de cultivos para ter máis rendibilidade.
N41	Necesidade de facilitar a obtención de licencias ou permisos para promover determinadas actividades ou proxectos nas zonas de monte.
N42	Sensibilización e concienciación do potencial que ten o monte. Importancia da riqueza etnográfica, arqueolóxica e paisaxística de moitos montes.
Cultura e patrimonio	
N43	A posta en valor da cultura tradicional pode axudar a recuperar o propio tecido social.

N44	Posta en valor das zonas de interior; aproveitando o potencial de recursos naturais e extenso patrimonio, que en moitos casos non está valorizado.
N45	Crear unha oferta de lecer e ocio máis ampla, para potenciar que a mocidade vexa o rural máis atractivo e non escape para as cidades, potenciando tamén todo o que ten que ver coa cultural a nivel local.
N46	Necesidade de valorizar o patrimonio que aínda non está posto en valor; incrementando o investimento neste sentido.
Transición ecolóxica	
N47	Promover o consumo nos mercados locais de produtos de km. 0 ou de proximidade en xeral.
N48	Promoción dos circuítos de proximidade na comercialización das producións gandeiras; tamén nas agropecuarias.
N49	Redución de emisións contaminantes por parte das empresas.
N50	Dende as administracións e a investigación ten que haber liñas de traballo para poder adaptarnos ao cambio climático
Transformación dixital	
N51	Mellora das competencias dixitais: maior capacitación e coñecementos da xente no rural, tendo en consideración os perfís sociais (idade, xénero,...)
N52	Capacitación nas posibilidades de acceso que brindan as tecnoloxías para acceder ao mercado (empresarios, pequenos negocios,...).
N53	É obrigada a tecnificación das actividades no rural, tendo unha visión máis ampla do que poden achegar as tecnoloxías.
Transición enerxética	
N54	Necesidade de reducir o gasto enerxético.

5.1.2. Análise das limitacións do territorio

Na seguinte táboa inserimos as limitacións do territorio partindo da análise de información secundaria e o contraste nos diferentes espazos de participación.

Táboa 21. Limitacións do territorio.

LIMITACIÓNS DO TERRITORIO	
Poboación e territorio	
L1	Segue habendo limitacións no acceso ao financiamento para a posta en marcha de proxectos.
L2	Segue habendo desigualdades no acceso ao mercado de traballo.
L3	Hai un desequilibrio social e territorial moi importante entre as zonas de interior e as zonas de costa.
L4	Aparte de vivendas acondicionadas ten que haber unha oferta de actividades para que a xente se quede no rural.
L5	O desprazamento para estudar leva a que se produza un éxodo cara os núcleos urbanos e unha perda de poboación, xa que normalmente a xente non retorna.
Actividade económica	

L6	Hai eivas na capacidade para chegar aos mercados. No ámbito produtivo a xente desenvólvese moi ben, pero no acceso ao mercado aínda existen barreiras, limitacións e descoñecemento das posibilidades que ofrece o marketing dixital.
L7	Falta a visión empresarial en moitas iniciativas ou pequenos negocios, o cal sucede non só no ámbito rural, senón tamén no urbano.
L8	O desenvolvemento turístico no ámbito rural non é posible actualmente sen o emprego de novas tecnoloxías da comunicación, pero tamén a nivel de domótica.
L9	Nalgunhas zonas rurais, que é onde se localizan este tipo de aloxamentos, segue habendo dificultades de cobertura ou conexión.
Actividades agrarias	
L10	Nas zonas de costa hai máis dificultade para a promoción das actividades gandeiras e agrarias, entre outras cousas porque molestan.
L11	Na IXP Ribeiras do Morrazo falta infraestrutura empresarial.
L12	Na DO Rías Baixas hai dificultades de acceso á terra pola chegada de grandes operadores de fóra.
Transformación dixital	
L13	Hai moito coñecemento accesible grazas ás novas tecnoloxías, pero un pequeno emprendedor o principal é que ao mellor non sabe o que necesita ou que utilidade lle poden achegar esas tecnoloxías.
L14	É necesario democratizar o uso de novas tecnoloxías e humanizalas.
L15	Nesta zona a infraestrutura (fibra óptica) non é o principal problema, senón que é máis importante o ter unha boa cobertura de datos ilimitados e acceso a 5G, que nalgúns casos non hai.
L16	Formación ou a capacitación das persoas para o uso das tecnoloxías.
L17	No e-commerce a principal limitación son as competencias dixitais das persoas.
Transición enerxética	
L18	O mercado de carbono e o equilibrio dos ecosistemas. A compensación por reducir as emisións é o último paso, pero o principal é que as empresas reduzan as mesmas.
L19	Dificultades normativas para a implantación de comunidades enerxéticas.

5.1.3. Análise das potencialidades do territorio

Na seguinte táboa inserimos as potencialidades do territorio partindo da análise de información secundaria e o contraste nos diferentes espazos de participación.

Táboa 22. Potencialidades do territorio.

POTENCIALIDADES DO TERRITORIO	
Participación, igualdade e cohesión social	
P1	Tecido asociativo consolidado en diferentes ámbitos sectoriais que pode contribuír a dinamizar a zona.
P2	Potencialidade das CMVMC como dinamizadoras das comunidades rurais.
P3	Empuxe da zona rural do litoral para o asentamento da poboación.
P4	O envellecemento activo da poboación.

Diversificación	
P5	Singularidade e diversidade paisaxística no conxunto do territorio, con importantes valores ambientais, culturais, etc., de gran potencialidade turística.
P6	O patrimonio cultural como elemento desestacionalizador e factor de desenvolvemento local.
P7	Importancia do Camiño Portugués a Santiago.
P8	Potencialidade do turismo de natureza, cultural, gastronómico, deportivo, de aventura e relax, etc.
P9	Gran potencial para iniciativas innovadoras transversais entre o sector primario, cultura, turismo e medio ambiente
Sector agrogandeiro e forestal	
P10	Boas condicións climáticas e edafolóxicas.
P11	Elaboración de produtos de calidade diferenciada.
P12	Gran potencial do sector vitivinícola: DO Rías Baixas e IXP Ribeiras do Morrazo.
P13	Centros de información e asesoramento científicos próximos.
Remuda xeracional nas actividades agrogandeiras e forestais	
P14	Existencia de man de obra cualificada e ben formada que facilita a integración laboral e novos camiños de emprendemento.
P15	Aproveitar o potencial da inmigración para atender ás necesidades de man de obra nas actividades agrogandeiras e forestais.
Economía circular	
P16	Sectores emerxentes da chamada “economía verde” que promoven un uso eficiente de recursos e enerxía (xestión de residuos, reciclaxe, aforro enerxético, enerxías renovables, etc.).
P17	Economía circular e microeconomía sostible son oportunidades: aproveitamentos diversos dos montes, transferencia de coñecemento entre comunidades.
P18	Promover actividades de economía circular, aproveitando todo o coñecemento existente; por exemplo todos os coñecementos que teñen moitas mulleres que se están perdendo (Prácticas de agricultura, elaboracións alimentarias artesanais, técnicas de diferentes oficios,...).
Ecosistemas e recursos naturais	
P19	“Reserva verde”: existencia de importantes masas forestais produtoras de oxíxeno e sumidoiros de CO2.
P20	Existencia de reservas naturais de auga.
P21	Importante patrimonio e espazos naturais protexidos : Illas Ons, Rede natura 2000, humidais, etc.
Patrimonio cultural	
P22	Importante patrimonio cultural (histórico-artístico, arqueolóxico, etnográfico, etc.).
P23	Riqueza patrimonial cultural material e inmaterial.
P24	Patrimonio industrial, como elemento dinamizador do turismo.
Produtos agrarios e cadea de valor	
P25	Existen variedades autóctonas e tradicionais con moito potencial agronómico, como por exemplo a variedade de uva “ratiño”, a variedade do “millo corvo”, as variedades de olivas,...
P26	Instauración do cultivo de aceite como alternativa de aproveitamento agrario e con moito potencial para medrar.

P27	Potencialidade para o desenvolvemento da agricultura e gandería de carácter extensivo asociada á calidade ambiental ou á produción ecolóxica
Transformación dixital	
P28	Desenvolvemento e mellora de actividades empresariais apoiándose no emprego de novas tecnoloxías e procesos de dixitalización.
Transición enerxética	
P29	Potencialidade de desenvolvemento do sector forestal, como produtor de insumos enerxéticos.
P30	O mercado de carbono: compensacións ás empresas por reducir as súas emisións no ámbito local.
P31	As comunidades enerxéticas son unha oportunidade de desenvolvemento.
Adaptación ao cambio climático	
P32	Intercambio entre o tecido produtivo local e as comunidades de montes para o mercado de emisións de CO2.

